

Celso Fernández Sanmartín. *[Sen título]*

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2011 [1996]). “Celso Fernández Sanmartín. *[Sen título]*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. 1995, 227-229. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1556>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (1996). “Celso Fernández Sanmartín. *[Sen título]*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. 1995, 227-229.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

CELSE FERNÁNDEZ SANMARTÍN. *[SEN TÍTULO]*

Miro Villar

Celso Fernández Sanmartín. *[Sen título]*
Santiago de Compostela: Edición do autor

Seguindo unha práctica que se produce en todas as épocas e en todas as literaturas do mundo e que beneficia a osixenación do feito literario, a edición propia, Celso Fernández Sanmartín vén de publicar un poemario *[Sen título]*. De feito, nos anos noventa téñense publicado por este medio de autofinanciamento importantes propostas poéticas como *Urania* de Chus Pato, *Persianas, pedramol e outros nervios* de Francisco Alonso, *O devalo do mar* de Rafa Villar ou o libro *Pornografía* de Lupe Gómez que se presentaba a semana anterior a que nós redactasemos estas liñas.

E isto acontece para ben da nosa literatura xa que Espiral Maior, con ter responsabilidade na recuperación da edición de poesía no noso país (e os seus quince títulos neste ano así o demostran) non pode —nin debe, para saúde da nosa lírica— protagonizar totalmente o mercado editorial e neste senso, desde aquí, saudamos a inmediata aparición dunha colección de poesía en Edicións Xerais e a posible recuperación da colección Leliadoura por parte de Sotelo Blanco. Aínda así, non se pode subestimar o labor da editora coruñesa tal e como fai un prometedor poeta ourensán metido agora a crítico avinagrado que aproveita calquera oportunidade, ben sexa unha recensión, un prólogo a un libro de poemas ou un artigo, para deitar todo o veneno do seu rancor e resentimento persoal contra o seu editor, con opinións nada científicas e nada rigorosas que soamente serven para desacreditar á persoa que as profire.

Non vai ser quen isto asina o que rompa unha lanza en favor de Miguel Anxo Fernán-Vello, xa que os once títulos de Espiral Maior e os seis da colección Illa Verde son testemuña documental da pluralidade de palabras poéticas que viron a luz o pasado ano por mediación do devandito selo editorial e deberían abondar [228] para facer calar (¿definitivamente?) ó poeta resentido. “Res, non verba”, os feitos e non as palabras condenan e absolven ó editor.

Con todo, a pluralidade dos catálogos das editoras citadas non abondan para acoller toda a produción poética, segundo expuxemos con anterioridade. Nesta mesma liña o propio Celso F. Sanmartín xa publicara, tamén en edición de autor, outro libro titulado *Divagacións iú* (¿Santiago?: 1991), o que demostra a teimosía de moitos autores novos por acadaren un lugar na nosa creación literaria.

Divagacións iú é un libro ás veces críptico, ás veces caótico, no que Celso F. Sanmartín xoga continuamente coa linguaxe, en brincadeiras xa moi gastadas na nosa literatura. Se

o contido do libro xa non é de doada lectura, estes saltos de trapecista coas palabras engaden maior dificultade para entendermos unhas divagacións nas que predominan substantivos e adxectivación sombriza: noite escura húmida, negro iris marxinal, fraga urbana en chamas, o substrato crepuscular, “o día naceu orfo e morreu suicidado polas nosas mans”. Todas estas imaxes xunto á miseria, a dor, o baleiro, o solpor, o insomnio, as tebras, o medo ou o peito da lúa, por sinalarmos os motivos máis reiterativos nos que tamén hai referencias á morte “morro,/por non ser home”.

Así e todo, no medio deste labirinto do home (do que xa nos fala a cita de Borges que introduce os versos) hai un lugar para poemas preciosos e irónicos como o que principia: “Este mundo ten forma de roda —dixéronme na escola— ou para se cuestionar a incerteza do home dentro dese contexto e expresar interrogantes como “Cada tempo é un tempo/ qué tempo é pois/ cada tempo?”. *Divagación iú* é, sobre todo, unha viaxe introspectiva, de monólogos interiores, á que se lle engaden circunstancialmente hipotéticas dialogacións coa sociedade como acontece no poema “Esta noite dixéronme que estaba tolo”, que inclúe versos como “eu digo que teño unha silla pendurada no teito coas patas cara ao isomnio”. No derradeiro poema atopamos a explicación do *iú*, unha onomatopeia do vento que é metáfora da confusión, a desorde e o trastorno das persoas cando son tocadas pola parvidade.

Asolutamente diferente é [*Sen título*], así o denominaremos de agora en diante, no que contidos e linguaxe abandonan o hermetismo anterior para construír un libro seductor, inclusive para lectoras e lectores que non frecuenten a palabra poética. Se daquela os textos presentaban un forte desequilibrio que proviña da tensión á que era sometida a linguaxe polo autor, dificultando a comunicación co receptor, desta volta a proposta poética de Celso F. Sanmartín é froito da distensión, da busca do equilibrio e da unidade expresa do discurso e nin sequera o intencionado esquecemento da letra maiúscula e dos signos de puntuación escurecen o texto e mesmo contribúen a unha certa ambigüidade que arrequeña o seu valor literario.

Inclusive a cita culta do seu primeiro libro é substituída pola inclusión dun poema manuscrito do autor que reproducimos por enteiro por ser representativo da aparente facilidade dos poemas “samente soño/ qe me veñas buscar á casa/ cun globo na man/ e que me digas: —toma/ este globiño é para ti/qérote moito/ (domingo das festas)”.

En realidade, as trinta e dúas páxinas con texto (algunhas delas cun único verso) trazan unha historia que ten o amor como protagonista absoluto, prodúcese unha concreción do tema que se desenvolve de maneira circular durante todo o poemario e que ten como epicentro a experiencia vital do “eu poético”. O amor [229] revélasenos na contemplación limpa e alegre da amada, feito que non nos debe estrañar en absoluto porque o “eu poético” constrúe unha fabulación propia do tempo da infancia, chea de pureza e de maxia. Así sabemos que a amada vive nun pazo e que se namorou das fermosas flores das amendoeiras “pero non houbo quen llas fora coller/ e amaduraron as améndoas nas pólas/ e caeron co vento...”.

O transcorrer deste argumento principal enriquecese con pequenas historias que contan o accidente dun coche que envorcou nas silvas entre amoras negras, o roubo de froita na claudieira do veciño, o amigo que garda flores no armario ou aqueloutro mozo que caeu “cando viña no carro derriba da herba seca cando a viu pasar pola veira do río de lavar e tiña a cara rubia do sol e de estar anicrada sobre a lousa de pedra do lavadeiro...”. Todos eles son pequenos relatos poéticos nos que o “eu” é espectador e nos que a súa mirada vitalista describe unha serie de elementos que forman parte da vida cotiá.

En todo o poemario hai un recendo a campo, a aldea, ó lugar feliz dos primeiros anos e son constantes as referencias á natureza: a herba, a auga dos ríos e das fontes, os paxaros e, nomeadamente, as follas de amendoeira. Moitos dos versos poden ilustrar perfectamente a relación entre a natureza e a emotividade humana “cambiarías as luces do patio polo sol/ menos esta noite que preferiría/ membrillos amarelos enormes” ou “esperta/ e trae o tallo de te subir ás árbores/ e vente sentar comigo”. Igualmente é fermosa a imaxe coa que se representa o transcorrer do tempo “coma formigas cargadas de moreas de cousas distintas/ andan os días atrás dun”.

E de novo vai fecharse o círculo con referencias inequívocas ó amor, velaí a reflexión sobre o agasallo como a representación dun sentimento “probablemente non faría falta un barco de claudias/ como tampouco unha aperta que lle esmagara o peito”, porque hai cousas, como todo o que atinxe ós sentimentos, que non se poden reducir a unha medición “e os astrónomos/ meu amor/ que saben medir/ e non saben medir/ non saben medir/ se che dá o sol/ do meu cariño grande”.

[*Sen título*] ofrécenos unha clara mostra das posibilidades poéticas de Celso Fernández Sanmartín, superando as vacilacións e o andar ás apalpadelas do primeiro libro para atopar unha voz poética de seu, con algún eco de poéticas como a de Manuel Rivas, na que mestura recursos literarios expresados con audacia imaxinativa e unha linguaxe coa sonoridade das palabras sinxelas e do ámbito coloquial, onde a palabra poética condensa o intimismo reflexivo do “eu”.

Finalmente, salientaremos outro aspecto moi agradable que nos pode predispoñer á lectura (no caso de atopar o libro nos andeis, pois o feito de non levar título e/ou nome do autor á vista é o seu maior defecto e dificulta enormemente a súa busca), a edición está moi coidada tanto no orixinal deseño externo da súa cuberta como na escolla do papel grisáceo, cos necesarios espacios en branco entre os textos, exquisitez que non existía no caos de *Divagacións iú*.